



Dirección Xeral de Formación Profesional

Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia

Plan de Convivencia

EASD RAMÓN FALCÓN (LUGO)

Aprobado en sesión da Xunta da Escola en data de 29 de xaneiro de 2025



Índice

1. Introducción

2. Contexto

Características da Escola

Ensinanzas que imparte

Ensinanzas profesionais

Ensinanza profesional en Serigrafía artística

Ensinanzas profesionais en Fotografía

Ensinanza profesional en Cerámica Artística

Ensinanza profesional en Gravado e Estampación

Ensinanzas superiores

Ensinanzas superiores en Deseño Gráfico

Ensinanzas superiores en Deseño de Interiores

Contorna sociocultural e económica

Características e tipoloxía do alumnado

Ciclo Formativo De Grao Medio

Ciclo Formativo De Grao Superior

Ensinos Artísticos Superiores

Requisitos de acceso

Proba de acceso e matrícula

O Claustro de profesorado

Persoal de administración e servizos

3. Obxectivos

Obxectivo 1

Obxectivo 2

Xerais

Específicos



4. Actuacións e estratexias

Actuacións

Estratexias para favorecer a convivencia

Informativas

Preventivas

Correctivas

5. Detección de condutas contrarias á convivencia

Protocolo para a detección de incumprimentos

Informar e tomar as primeiras medidas

Documentar

Valorar

6. Protocolos de actuación

Correccións por danos materiais

Correccións por agresións físicas ou verbais entre o alumnado

Correccións por condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa

Correccións polas interrupcións do proceso de ensino-aprendizaxe

7. Medidas correctoras

Medidas correctoras das condutas levemente prexudiciais

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

8. Cadros resumo de actuación

9. Comisión de convivencia: composición e plan de actuación

Composición

Funcións

Plan de actuación

Reunións

10. Difusión, seguimento e avaliación

Difusión

Seguimento e avaliación

11. Normativa de aplicación



1. Introducción

A convivencia escolar axeitada é un requisito para un proceso educativo de calidade, sendo igualmente o seu resultado. Convivencia e aprendizaxe son dous aspectos estreitamente vinculados entre si, que se condicionan mutuamente e que teñen o seu fundamento no respecto dos dereitos alleos. É un verdadeiro reto da educación actual no seu compromiso para conseguir unha sociedade mellor.

Aprender a convivir cos demais, ademais de constituír unha finalidade esencial da educación, representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais. Son moitas as razóns que fan que esta aprendizaxe considérese non só valiosa en si mesma, senón imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria, máis cohesionada e máis pacífica.

O Informe da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI da UNESCO, expuña a ampliación dos obxectivos educativos máis aló do estrito campo do coñecemento e, máis concretamente, sinalaba a necesidade de que o alumnado se poida relacionar mellor coa súa contorna, creando un espírito que impulse a realización de proxectos comúns e a solución pacífica e intelixente dos conflitos. Este mesmo interese é compartido por gran parte da sociedade española, por riba mesmo da formación e coñecementos necesarios e habilitantes para a obtención de emprego. Ao mesmo tempo, unha das percepcións máis estendidas, e que quedou recollida en numerosas consultas ao profesorado en xeral, fai referencia ao progresivo incremento dos problemas de convivencia nos centros educativos. Aínda que as situacións de indisciplina ou de acoso entre escolares existiron sempre, parecen cobrar unha maior relevancia nos últimos anos.

Por unha banda, aumentaron os procesos de disrupción na aula e os problemas e dificultades para impartir docencia. Este fenómeno incide de maneira directa tanto no profesorado como no alumnado, na súa motivación, no clima da aula e nas relacións derivadas do ambiente lectivo. Doutra banda, apareceron condutas de agresión entre compañeiros/as, que adoptan formas moi diversas, desde a agresión física directa ata a psicolóxica máis sutil, chamando a atención pola súa gravidade os casos que se coñecen co nome de *bullying*, aos que hai que engadir o *cyberbullying*, tan estendido polo uso das redes sociais. Promover un bo uso destas é un deber ineludible.

Entre os factores que se apuntaron como responsables do deterioro da convivencia, un primeiro grupo son de carácter social, como os problemas provocados por certas características da sociedade



actual (permisividade, cambios no papel da familia, modelos exhibidos na TV, etc.) e polas diferenzas interculturais ou os derivados de situacións de exclusión ou marxinação. Outro grupo de factores é de carácter psicolóxico, como a impulsividade, a falta de tolerancia, a frustración, as relacións negativas cos adultos ou as escasas habilidades sociais. Máis aló duns e doutros, hai tamén factores propiamente educativos que non poden deixarse de lado, como son o tipo de ensino e de currículo que se propón, as metodoloxías aplicadas, os resultados académicos dos alumnos, a organización dos propios centros, o tipo de relacións e o nivel de participación que se establece, tanto entre os alumnos entre si, como cos seus profesores e entre estes e as familias. A complexidade e variedade destes factores fai difícil atopar sempre a resposta educativa máis axeitada a estes problemas.



2. Contexto

Características da Escola

A Escola de Arte e Superior de Deseño é un centro público situado nun edificio exento en Lugo capital, na rúa Paseo dos Estudantes, 31.

Este centro leva aberto e funcionando dende hai 50 anos, ou moito mais, segundo como se mire. A súa primeira orixe sitúase na extinta escola de artes e oficios da fundación Bolaño Rivadeneira, creada pola deputación de Lugo no ano 1888 baixo o mecenazgo deste xurista de Baralla que lle deu nome, tendo cabida as súas actividades en distintos locais desta institución e da que xurdiron algúns artistas lucenses de recoñecemento nacional (*Real Orden del ministerio de fomento de 1892, disponiendo que se acepta por el ministerio de fomento el cargo de patrono de la fundación de D. José Bolaño Rivadaneira que legó 6.000 pesetas de renta anual para la creación y sostenimiento de una escuela de artes y oficios en Lugo*).

Entre os anos 1964 e 1967 abdicáanse catrocentos sesenta e cinco millóns dez mil pesetas para a construción, en todo o territorio nacional, trinta novas edificacións abdicadas as ensinanzas das artes aplicadas e os oficios artísticos. No ano 1969 (II plan) remátase e ponse en funcionamento a escola de artes e oficios artísticos de Lugo, baixo o mandato do xefe da sección de ensinanza e fomento das belas artes, don Ramón Falcón Rodríguez (*Decreto 2515/1969 del Ministerio de Educación y Ciencia, de 9 de octubre, por el que se crea en Lugo una escuela de artes aplicadas y oficios artísticos de carácter estatal*). A inauguración oficial non chegou ata 1974 na procura de aproveitar a creación para difundir e facer valer a figura do que sería inminente sucesor na xefatura do estado.

A escola de Lugo, durante os primeiros anos da década dos oitenta, albergou estudos non artísticos, coa impartición de ensinanzas de idiomas durante un tempo nunha parte do mesmo, pero salvo esta excepción, as ensinanzas profesionais artísticas foron os únicos estudos impartidos ata o establecemento dos estudos superiores de deseño co Real Decreto 1496/1999 e o seu currículo no Decreto 233/2005.

No mesmo ano 2005 se publica o decreto 207, polo que se transformaron as escolas de arte Pablo Picasso de A Coruña, Mestre Mateo de Santiago De Compostela, Ramón Falcón de Lugo

e Antonio Faílde de Ourense en Escolas de Arte e Superiores de Deseño, e o seu regulamento específico se aproba coa publicación do decreto 61/2011.

No ano 2010 apróbase en publícase o real decreto 633/2010, de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao de deseño en no mesmo no ano, publícase a orde do 30 de setembro pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en deseño na comunidade autónoma de Galicia.

A Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, transformada polo Decreto 207/2005, do 14 de xullo, en Escola de Arte e Superior de Deseño.

Para o desenvolvemento e regulación destas ensinanzas dítase o Real decreto 389/1992, de 15 de abril, polo que establécense os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas e o Real decreto 1496/1999, de 24 de setembro, que establece os aspectos básicos do currículo dos estudos superiores de deseño e regula a proba de acceso a os mesmos.

O alumnado é moi diverso por múltiples factores: a idade do alumnado oscila entre os 16 e os 65 anos, os perfís formativos aos que aspiran son diferentes e a procedencia do alumnado é moi variada (non só xeográfica, senón mesmo económica e/ou social).

Ensinanzas que imparte

Trátase dun centro no que se imparten os seguintes niveis educativos:

Ensinos Profesionais de Artes Plásticas e Deseño:

Ciclo formativo de grao medio de Serigrafía Artística.

Ciclo formativo de grao superior de Fotografía.

Ciclo formativo de grao superior de Cerámica Artística.

Ciclo formativo de grao superior de Gravado e Técnicas de estampaxe.

Ensinos Artísticos Superiores de Artes Plásticas e Deseño:

Grao en Deseño, especialidade de Deseño Gráfico

Grao en Deseño, especialidade de Deseño de Interiores

Ensinanzas profesionais

Ensinanza profesional en Serigrafía artística

O Ciclo Formativo de Grao Medio de Serigrafía artística, forma profesionais nun campo da impresión de gran difusión e desenvolvemento. A creación e produción de toda clase,



subministracións, obra gráfica, marcaxe de téxtil, sinalización, paneis publicitarios, calcomanía cerámica, adhesivos comerciais, carteis, artigos de reclamo publicitario, rotulación etc. xunto coa aparición das novas tecnoloxías e soportes, o campo profesional é dunha grande amplitude e saída ao mercado laboral.

Duración: 1 curso académico + proxecto final + prácticas en empresa. [950 horas]

Titulación: Técnico de artes plásticas e deseño en Serigrafía artística

Lexislación: Decreto 455/2003, do 5 de decembro

O técnico de artes plásticas e deseño en Serigrafía artística ten como competencia xeral a de desenvolver os procesos básicos de realización da serigrafía artística, coas técnicas tradicionais e actuais propias desta especialidade, analizando as especificacións técnicas dos materiais utilizados e organizando os medios de produción e as medidas para o seu mantemento periódico preventivo.

Con esta formación poderá actuar como técnico auxiliar en empresas dedicadas especificamente á impresión serigráfica en tódalas súas variantes (subministracións, sinalización, valos publicitarios, calcomanía cerámica, obra gráfica, marcaxe de téxtil, adhesivos comerciais, carteis, artigos de reclamo publicitario, rotulación), baixo a coordinación dun técnico especialista. Pode tamén desenvolver o seu traballo como profesional autónomo ou asociado en cooperativa.

Ensinanzas profesionais en Fotografía

Este ciclo formativo ten como finalidade formar profesionais especialistas capaces de exercer a súa actividade: Como profesional autónomo, en áreas relacionadas coa fotografía profesional, traballando en empresas que precisen o labor dun fotógrafo - hospitais, industrias, editoriais, periódicos, realizando proxectos artísticos persoais e interpretando conceptos doutra persoa -deseñadores, directores artísticos, a través de bosquejos, maquetas ou ideas.

Duración: 2 cursos académicos + proxecto final + prácticas en empresa. [2000 horas]

Titulación: Técnico superior de artes plásticas e deseño en Fotografía

Lexislación: RD 1432/2012; do 11 de outubro, polo que se establece o título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía. Decreto 92/2015, do 11 xuño, polo



que se establece o currículo de ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía.

O técnico superior de artes plásticas e deseño en Fotografía Artística ten como competencia xeral a de crear e interpretar sucesos estéticos orientados cara á actividade fotográfica relacionada coa publicidade, o deseño, a moda, a reportaxe social, a industria, a ciencia, o mundo editorial, o fotoxornalismo e a arte.

O profesional deste nivel poderá exercer a súa actividade como autónomo, integrarse como fotógrafo de empresas que polo seu funcionamento así o precisen (hospitais, industrias, editoriais, xornais, etc.), realizar proxectos propios como actividade artística libre ou interpretando conceptos doutra persoa (director artístico ou deseñador) a través de bosquexos, maquetas ou ideas. Igualmente, poderá exercer-la súa actividade en empresas e talleres, xa sexan públicos ou xa privados, relacionados co campo profesional da fotografía.

Ensinanza profesional en Cerámica Artística

A Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón incorpora na súa oferta educativa a posibilidade de impartir o ciclo superior integramente ou ben a de impartir unha ensinanza modular baseada en algún dos módulos formativos, e, en concreto, o módulo práctico de Taller Cerámico.

Duración: 2 cursos académicos + proxecto final + prácticas en empresa. [2000 horas]

Titulación: Técnico superior de artes plásticas e deseño en Cerámica Artística.

Lexislación: Real Decreto 37/2010, de 15 de enero, por el que se establecen los títulos de Técnico superior de Artes Plásticas y Diseño en Cerámica Artística, en Modelismo y Matricería Cerámica y en Recubrimientos Cerámicos y los títulos de Técnico de Artes Plásticas y Diseño en Alfarería y en Decoración Cerámica, pertenecientes a la familia profesional artística de la Cerámica Artística y se aprueban las correspondientes enseñanzas mínimas. Decreto 131/2013 do 18 de xullo

O técnico superior de artes plásticas e deseño en Cerámica Artística ten como competencia xeral a produción de obxectos desde a súa concepción á súa comercialización, así como a definición das características técnicas e estéticas do produto,

en estreita colaboración con outros técnicos de nivel superior nas operacións de deseño, produción, selección e control de calidade.

A actividade en talleres individuais de carácter artesán ou artístico está o suficientemente estendida e arraigada como para configurarse como unha das saídas profesionais destes estudos. Por outro lado, a inserción laboral dun profesional intermedio na liña de produción da industria cerámica, que unifica e organiza os compoñentes formais e estéticos, tanto da produción de formas como da decoración destas é cada vez máis necesaria.

Ensinanza profesional en Gravado e Estampación

Cada vez é maior o número de creadores interesados en expresarse mediante o gravado e os sistemas de estampación. Ao mesmo tempo, a demanda de obra gráfica orixinal aumenta cada día e é recoñecida por unha sociedade que evoluciona culturalmente. Este ciclo formativo ofrece unha preparación ao alumnado capacitándoos co dominio das técnicas (xilografía, calcografía, litografía e serigrafía) xa sexa para a creación dunha obra gráfica persoal ou para a estampación e creación de matrices da obra doutros artistas. Capacítaos tamén para realizar Funcións de asesoramento e peritaxe para galerías de arte, museos e outros labores específicos no campo das artes gráficas.

Duración: 2 cursos académicos + proxecto final + prácticas en empresa. [1950 horas]

Titulación: Técnico superior de artes plásticas e deseño de Gravado e técnicas de estampación.

Lexislación: Decreto 71/2002, del 14 de febreiro

O técnico superior de artes plásticas e deseño de Gravado e técnicas de estampación ten como competencia xeral o dominio do conxunto de técnicas: xilografía, calcografía, litografía e serigrafía, utilizadas como medio de expresión artística para configurar unha obra que, imaxinada e deseñada polo artista, require do posterior proceso de estampación para a súa multiplicación.

A súa actividade primordial comprende a realización, procesamento e estampación de matrices. O campo de actuación profesional é o da edición de obra gráfica, ilustración do libro e bibliofilia. Poden desenvolver a súa actividade naquelas empresas ou talleres pequenos, medianos ou grandes, dedicados a sectores directamente relacionados con



esta especialidade, e exercer como profesionais independentes ou asociados en cooperativa.

Ensinanzas superiores

Ensinanzas superiores en Deseño Gráfico

A titulación de deseño gráfico ten como obxectivo formar futuros profesionais do deseño no ámbito da comunicación gráfica e visual. O programa formativo é un sistema educativo interdisciplinar que ofrece tres orientacións distintas no deseño gráfico: deseño editorial, deseño interactivo e deseño audiovisual, don-dos estudantes desenvolven de xeito integrador, capacidades artísticas, científicas e tecnolóxicas. Ao longo destes estudos o alumno adquirirá as competencias necesarias para coordinar, integrar e articular todos os factores que participan na xeración de novas solucións para a comunicación gráfica e visual.

Duración: 4 cursos académicos. 240 ECTS (créditos europeos)

Titulación: Título Superior de Deseño, especialidade Gráfico.

Lexislación: Real Decreto 633/2010, de 14 de maio polo que se regula o contido básico dos ensinos artísticos superiores de Grao de Deseño establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e sucesivas adaptacións e actualizacións.

Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o Plan de estudos das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na comunidade autónoma de Galicia.

Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a Ordenación das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia

O deseñador gráfico ten que xerar mensaxes e comunicar contidos de diversa natureza e diferentes medios, utilizando a linguaxe gráfica para as distintas canles de comunicación. Os principais ámbitos onde desenvolve a súa actividade son a identidade corporativa e visual, o deseño editorial e a produción gráfica, o deseño de envases e embalaxes, a dirección de arte en publicidade, o deseño audiovisual e o grafismo en televisión, o deseño multimedia e o de interacción e web, ou o deseño ambiental e de comunicacións aplicadas ao espazo.



Ensinanzas superiores en Deseño de Interiores

A titulación de Deseño de Interiores ten como obxectivo formar futuros profesionais do deseño capaces de solucionar cuestións que atinxen á arquitectura interior e a organización do espazo. O Deseño de Interiores é unha profesión multidisciplinar e na que solucións técnicas e creativas son aplicadas a un espazo co fin de conseguir un determinado ambiente interior. O mobiliario, o tratamento de materiais ou a iluminación forman tamén parte desta disciplina que axuda a mellorar a calidade de vida.

Duración: 4 cursos académicos. 240 ECTS (créditos europeos).

Titulación: Título Superior de Deseño, especialidade Interiores.

Lexislación: Real Decreto 633/2010, de 14 de maio polo que se regula o contido básico dos ensinos artísticos superiores de Grao de Deseño establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e sucesivas adaptacións e actualizacións.

Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o Plan de estudos das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na comunidade autónoma de Galicia.

Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a Ordenación das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño, en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia

O deseñador de interiores é un profesional capaz de analizar, investigar e proxectar, dirixir equipos de proxectos e de execución de obras de deseño de interiores, así como actuar como interlocutor directo ante as administracións públicas no ámbito da súa profesión.

Esta desenvólvese principalmente no campo do deseño dos espazos interiores para o hábitat, espazos comerciais e de ocio, espazos administrativos ou culturais, educativos e lúdicos; ou tamén no deseño de espazos efémeros, rehabilitación de vivendas, paisaxismo, espazos interiores dos distintos sistemas de transporte, así como a dirección e xestión de obras, medicións, orzamentos e prevención de riscos no ámbito do deseño de interiores.

Contorna sociocultural e económica

Lugo é unha cidade de servizos, fundamentalmente servizos sanitarios e educativos. As principais actividades son as comerciais, a administración (delegacións da Xunta de organismos estatais...).



O incremento constante da poboación da cidade fai da construción un dos principais sectores económicos do municipio. A industria é moi escasa e dedícase case en exclusiva á transformación de produtos agrícolas (lácteas, cárnicas, madeira..). A reducida presenza de industrias, a ausencia de medianas e grandes empresas e certo estancamento económico fan de Lugo unha das cidades menos desenvolvidas de Galicia. Porén, estase a converter nun importante núcleo comercial e de servizos.

O polígono industrial máis importante da cidade é o Polígono do Ceao, situado ao norte da cidade, a rentes da Autovía do Noroeste. Comezouse a construír no ano 1979 ocupando unha superficie de máis de 700.000 metros cadrados, o que o converteu no seu momento no maior núcleo industrial do concello.

Posteriormente foi completando o seu desenvolvemento cunha segunda fase que o ampliou en 300.000 metros cadrados. Dispón dunha rede mallada de viarios e rúas segundo o definido pola Sociedade Estatal de Promoción e Equipamento do Solo. Así, en conxunto, o polígono conforma unha rede industrial de máis de 100 hectárea, as cales hoxe en día están urbanizados e vendidos na súa totalidade, sendo a súa ocupación industrial do 90%. Hoxe está en fase de expansión un novo polígono industrial, o das Gándaras, que contén o mais recente desembarco de entidades mercantís de comercio e produción industrial, locais e foráneas.

Un dos polos económicos máis importantes da cidade é o campus universitario, pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, especializado en Ciencias Agrarias, o que converte á cidade nunha das urbes universitarias máis importantes de Galicia. Así, o campus está composto por seis facultades, todas situadas no barrio de Acea de Olga, ás beiras do Miño, agás a Escola Universitaria de Formación do Profesorado que se atopa no centro da cidade. Os outros cinco centros son a Facultade de Administración e Dirección de Empresas; a Facultade de Ciencias (con carreiras enfocadas á enxeñería química e á nutrición); a Facultade de Humanidades , a Facultade de Veterinaria e a Escola Politécnica Superior a, que oferta as enxeñerías agrícola, forestal, civil e topografía. Ademais están adscritas á Universidade as Escolas de Relacións Laborais e Enfermaría.

En canto ao sector turístico está a gañar gran importancia dentro da economía da cidade así, nos últimos anos aumentou en máis dun 45 por cento o número de visitantes. Neste aumento da cantidade turistas comezou co nomeamento da Muralla como Patrimonio da Humanidade,



ademais dun plan turístico que inclúe a creación de novas oficinas de información, trens turísticos, o aumento en publicidade e a rehabilitación do centro histórico e monumental. A rehabilitación desta última zona estase levar actualmente dentro do Proxecto URBAN (Iniciativa Urbana), cofinanciado polo Concello máis a Unión Europea. A mellora do centro histórico foi distinguida en 2008 pola ONU dentro do Premio Internacional “As boas prácticas para mellorar as condicións de vida” (Dubai 2008).

Lugo, na actualidade, non ten unha clara especialización que lle permita diferenciarse por ter vantaxes competitivas respecto a outras cidades dos seus ámbitos, pero posúe un inmenso potencial, aínda sen explotar, suficiente, para poder desenvolver no futuro un capital industrial, y comercial a medio- longo prazo, así como, todo un camiño por percorrer no plano turístico a partir dos seus recursos históricos, naturais e culturais. Para iso conta cun marco natural e rural de aceptable preservación que pode e debe contribuír a facer de Lugo un referente polo seu atractivo de natureza, tanto no seu propio municipio coma da súa provincia, o que permitiría articular un programa de preservación, á vez que de aproveitamento para o seu desenvolvemento (turismo de natureza, desenvolvemento de novas actividades I-D).

Por outra parte, a sociedade civil de Lugo aínda depende en exceso da Administración, con baixa representación e debilidade estrutural nas súas organizacións, polo que un dos elementos básicos para a economía da cidade e a escasa dinámica de cooperación público-privada, que certamente nos últimos tempos foi evolucionando, pero que aínda se mostra insuficiente.

A capacidade de xerar riqueza é unha das variables que define en boa medida tanto a dinámica económica da cidade, coma a xeración de expectativas no futuro sobre a base dos recursos existentes. No caso de Lugo ,presenta un déficit na capacidade autóctona de xeración de riqueza, que poden chegar a incidir nunhas expectativas negativas en canto novo emprego para as xeracións máis novas. Non obstante Lugo dispón de recursos insuficientemente explotados que deberán permitir dispoñer de mellores expectativas se rompe o ciclo de escasa inversión, peche ao exterior e falta de modernización das estruturas da cidade, a partir de actividades que aproveiten os recursos ou potenciais da cidade: naturais, culturais, turísticos, industriais, poboación universitaria e relación coa cidade.



O Patrimonio é un factor de gran presenza na cidade, preséntase tanto como unha forte expectativa dentro da cidadanía, como unha, xa, realidade influente na dinámica de Lugo. Lugo presenta un patrimonio asociado á influencia romana na cidade e que ten na Muralla o seu símbolo de recoñecemento como Patrimonio da Humanidade, dotando á cidade dun valor cultural de atracción e de autoestima. Con iso Lugo podería fundamentar certa función turística á vez que potenciar unha maior actividade cultural para o cal se precisa a rehabilitación, preservación e posta en valor no seu conxunto, enriquecendo o atractivo da cidade nun marco moi competitivo respecto doutras cidades próximas.

Características e tipoloxía do alumnado

O alumnado ten unha procedencia moi diversa, tanto xeográfica, cultural, económica e académica. Pese a heteroxeneidade, existen diferentes perfís entre o alumnado que accede aos estudos:

Ciclo formativo de grao medio:

Estes ensinos reciben dous tipos de alumnado; por unha banda, un alumnado cunha gran motivación por formarse no terreo artístico e con capacidades e, por outro, estudantes que acceden a este tipo de formación sen unha gran motivación e simplemente como unha oferta que eles cren é máis fácil de superar, por unha falta de información e orientación adecuada. Unha gran porcentaxe ven cun historial de fracaso escolar, co Título de Graduado en Educación Secundaria obtido polas vías alternativas que ofrece o sistema educativo, promoción con materias pendentes, diversificación ou ensino permanente de adultos. O abandono da titulación nestes casos é alto, á vez que observamos que aqueles alumnos correctamente orientados e motivados para estes ensinos, finalizan os estudos por esta vía con éxito, finalización que non sería posible por outra.

Ciclo formativo de grao superior:

Estes ensinos reciben tres tipos de alumnado: por unha banda, alumnos cunha gran motivación inicial por aprender, interésalles a materia, aínda que na súa gran maioría teñen un grao inicial de coñecementos específicos bastante baixo; teñen, con todo, unha gran capacidade de aprendizaxe pero un descoñecemento acusado tanto do perfil profesional como da realidade laboral; de feito, unha alta porcentaxe non ten interese na



inserción laboral a curto prazo e opta por continuar os seus estudos de xeito regrado ou a través de formación de perfeccionamento.

O outro tipo de alumnado que recibimos ten perfil universitario; xeralmente cursa ou cursou outros estudos e opta por estes ciclos como complemento á súa formación universitaria. Si teñen claro cales son os seus intereses e cal é a súa inserción profesional. Un terceiro perfil, minoritario pero a miúdo presente, é o de alumnos de idade avanzada, con vinculación anterior educativa e mesmo profesional coas especialidades artísticas e/ou o deseño, que busca fundamentalmente unha reciclaxe ou profundización en determinadas prácticas. Isto provoca que teñan un alto interese por certos módulos (normalmente os obradoiros e os máis prácticos), e menos por outros (os teóricos).

O abandono ou no finalización destes estudos é do 20%.

Ensinos Artísticos Superiores:

Estes ensinados reciben un alumnado moi motivado e con ganas de ter unha formación que lle faculte para desenvolver a súa carreira profesional unha vez termine os seus estudos, por iso o fracaso académico é pequeno e o seu abandono tamén. Tampouco adoitan presentar problemas na asistencia ás clases agás por motivos laborais (o que é relativamente habitual á medida que avanzan na súa formación).

Requisitos de acceso

No centro conviven diferentes niveis académicos e especialidades de estudos. A gran maioría do alumnado é maior de idade. Para acceder tanto as ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño como as ensinanzas superiores, é necesario realizar unha inscrición previa, sendo o acceso mediante proba ou de xeito directo. Á proba de acceso para o poder matricularse nas ensinanzas artísticas ten vixencia para todo o territorio nacional.

As esixencias administrativas para o acceso as ensinanzas artísticas serán sempre as recollidas na correspondente Resolución publicada anualmente pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado. De xeito habitual, as esixencias administrativas veñen sendo as seguintes:

Proba de acceso e matrícula

Ensinanzas profesionais de ciclo formativo de grao medio

As esixencias académicas e administrativas para o acceso aos ciclos formativos de grao medio de ensinanzas artísticas profesionais serán sempre as recollidas na correspondente Resolución publicada anualmente pola Dirección Xeral correspondente, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado. De xeito habitual, as esixencias académicas e administrativas veñen sendo as seguintes:

Acceso DIRECTO (determinado porcentaxe e criterios)

Bacharelato de Artes
Técnico AAPPD da Mesma Familia Prof.
Técnico Superior AAPPD Da Mesma Familia Prof.
Grao AAPPD / Conservación E Restauración.
Belas Artes
Arquitectura
Enxeñería Técnica En Deseño Industrial
Experiencia Laboral
Cursos Comúns de AAOA. Plan De 1963.

Acceso con PROBA ESPECÍFICA

ESO (o equivalente)
Títulos equivalentes a ESO:
Técnico AAPPD
Técnico FP
Técnico Auxiliar FP
2º curso del Plan Experimental
3º curso de comúns do Plan 1963
PROBA ACCESO UNIVERSIDADE maiores 25 anos

Acceso con PROBA MADUREZA +ESPECÍFICA

17 AÑOS (Idade cumprida no ano da proba)

Prazas habitualmente ofertadas: 15, ampliáveis segundo a capacidade dos talleres.

Ensinanzas profesionais de ciclo formativo de grao superior

As esixencias académicas e administrativas para o acceso aos ciclos formativos de grao superior de ensinanzas artísticas profesionais serán sempre as recollidas na correspondente



Resolución publicada anualmente pola Dirección Xeral correspondente, pola que se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado. De xeito habitual, as esixencias académicas e administrativas veñen sendo as seguintes:

Acceso DIRECTO (determinado porcentaxe e criterios)

Bacharelato De Artes

Técnico AAPPD Da Mesma Familia Prof.

Técnico Superior AAPPD Familia Prof Relacionada

Grao AAPPD / Conservación E Restauración

Belas Artes

Arquitectura

Enxeñería Técnica En Deseño Industrial

Experiencia Laboral (+ requisitos proba específica) (directamente relacionada e alomenos un ano)

Acceso con PROBA ESPECÍFICA

Bacharelato non artístico (ou equivalente)

Títulos equivalentes ao bacharelato

Técnico AAPPD

Técnico FP / Técnico Superior FP

Técnico Especialista FP

Graduado en AAOA

Proba acceso universidade maiores 25 anos

Titulación Universitaria

Acceso con PROBA MADUREZA +ESPECÍFICA

18 AÑOS + Título de Técnico (FP?) relacionado

19 AÑOS (Idades cumpridas no ano da proba)

Prazas habitualmente ofertadas: 15, ampliábles segundo a capacidade dos talleres.

Ensinanzas superiores de deseño

As esixencias académicas para o acceso as ensinanzas superiores de deseño serán sempre as recollidas na Resolución publicada anualmente pola Dirección Xeral correspondente, pola que



se ditan instrucións para o acceso e a admisión do alumnado. De xeito habitual, as esixencias académicas veñen sendo as seguintes:

Acceso DIRECTO (determinado porcentaxe e criterios)

Técnico superior de AAPPD

Acceso con PROBA ESPECÍFICA

Bacharelato (non equivalentes)

Acceso universidade mais de 25 anos

Titulación universitaria

Acceso con PROBA MADUREZA +ESPECÍFICA

18 AÑOS (Idade cumprida no ano da proba)

Prazas habitualmente ofertadas: 20, ampliáveis ata nun porcentaxe dun 20% do total.

O Claustro de profesorado

Con cada comezo de curso, aos efectos do coñecemento do nivel académico e mesmo das circunstancias e peculiaridades persoais do alumnado, desenvólvese unha avaliación individual previa ao comezo do curso, incluída nas súas características na programación de aula e reflectida no correspondente seguimento de actividade cotiá na programación e na aula.

Pódese facer unha análise do claustro en función da relación de estabilidade co Centro:

1. Profesores e Mestres de Taller de Artes Plásticas e Deseño con destino definitivo no Centro:

Pódese considerar este grupo de profesores como o persoal orgánico do centro. A gran maioría leva máis de 10 anos no centro. Coñece o funcionamento e a organización da escola. Sobre este grupo recae, dada a súa condición de destinados no centro, a gran maioría de postos de dirección e coordinación, e compón a columna vertebral dos diferentes equipos educativos. A continuidade na docencia de materias permite unha maior calidade no ensino, dada a experiencia no coñecemento dos conceptos, as ferramentas e os procedementos para ensinar.

2. Profesores e Mestres de Taller de Artes Plásticas e Deseño sen destino definitivo:



Estes profesores ocupan na súa grande maioría postos non pertencentes ao persoal orgánico do centro, debido ao sistema de contratación (atópanse cunha provisionalidade anual). A rotación fai que cada ano teñan que prepararse materias novas. Nalgúns casos, a especificidade e especialización dos módulos profesionais, conleva serias dificultades na impartición de clases. É imposible unha planificación académica rigorosa sen unha maior estabilidade deste grupo de profesionais.

Aparte dos problemas detectados en cada un dos grupos de profesores, podemos sinalar como desvantaxes xerais na xestión do profesorado:

- A incerteza laboral dos profesores en expectativa de destino e interinos.
- A distancia entre os órganos de xestión de recursos humanos da Consellería de Educación e o Centro Educativo, que produce unha falta de adecuación entre os perfís contratados e as necesidades formativas do alumnado.
- A dificultade de atopar certos perfís docentes específicos debido á especialización dos ensinamentos e os cambios tecnolóxicos das familias profesionais da Escola, as listas e currículos anticuadas, sen a necesaria renovación.

Como aspectos moi positivos a destacar na composición do Claustro da Escola existen os seguintes:

- A pequena dimensión do claustro.
- O bo ambiente e de relación entre a grande maioría dos profesores/as que permite unha organización fluída, con bo nivel de comunicación e cun alto grao de consenso.

Persoal de administración e servizos

Contamos a día de hoxe co seguinte persoal:

- 1 Administrativo
- 2 Conserxes
- Persoal de limpeza (2 persoas)

Valórase positivamente o alto grao de identificación deste colectivo cos obxectivos e filosofía do centro, pero novamente hai que resaltar á alta provisionalidade das persoas que ocupan estes postos, o que fai necesario traballar continuamente para conseguir esa identificación cada vez que hai un cambio. Tamén convén destacar coma desvantaxe a



situación do persoal administrativo: un só individuo para xestionar, en realidade, dous “centros” moi diferentes (un asimilable, en certo modo, a un CEIP, e outro moito máis parecido a un centro universitario).

As relacións interpersoais no centro son valoradas polo profesorado como boas, salientando como elemento favorecedor o pequeno tamaño da comunidade educativa. Non detectan problemas de marxinación, nin presións nos grupos de alumnos. Os alumnos valoran as relacións entre os propios estudantes como boas, e mesmo manifestan que son positivas cos profesores e co persoal non docente. Uns e outros resaltan actitudes convivenciais positivas no eido da reciclaxe (por exemplo, con contedores nos corredores e nas aulas que se empregan correctamente) ou no ámbito do emprego dos numerosos recursos educativos da Escola.

A maioría dos conflitos de convivencia que se producen son leves e teñen que ver fundamentalmente coas faltas de puntualidade ou asistencia entre o alumnado, e en menor grao, con actitudes que poden dificultar o normal desenvolvemento das clases, co incumprimento das obrigacións académicas ou, aínda máis estraño, con conflitos de relación entre iguais e/ou co profesorado.

É dicir, o clima de relacións entre as persoas que formamos parte da Escola é moi bo, estando baseado no respecto e a cooperación; aínda que se xeren os conflitos normais inherentes a calquera relación humana, estes soluciónanse na maioría dos casos pola vía do diálogo.

O profesorado, con todo, considera que en cuestión de resolución de conflitos ou comportamentos inadecuados, ten á súa disposición poucas pautas para a resolución dos mesmos, pero hai unha gran concienciación nesta materia. Sería necesario máis orientación respecto diso para poder exercer este labor con pleno coñecemento.

3. Obxectivos

Os dous **OBXECTIVOS PRINCIPAIS** que serven de base ao desenvolvemento deste Plan son

Obxectivo 1

Crear unha cultura de paz no centro e, por extensión, no entorno

Obxectivo 2

Desenvolver na nosa comunidade escolar novos recursos que fomenten a convivencia pacífica e democrática e axuden a resolver os conflitos que ao respecto poidan xurdir

Estes obxectivos pódense desglosar en outros, de xeito xeral e específico:

Xerais

Segundo se recolle no artigo 12 do Decreto 8/2015, o Plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.



- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Específicos

En base aos citados obxectivos xerais, establecéronse os seguintes obxectivos específicos:

- Acadar a integración de todo o alumnado, sen tolerar ningún tipo de discriminación, respectando a diversidade e adoptando medidas de acción positiva en favor dos colectivos vulnerables.
- Eliminar toda forma de violencia, discriminación ou acoso, por razón de sexo, identidade afectivo-sexual, orixe, pertenza a grupo étnico, discapacidade, idade, estado de saúde, clase social, relixión ou conviccións, lingua ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.



4. Actuacións e estratexias

Actuacións

Para acadar estes obxectivos, necesítase:

- **Realizar unha análise, clasificación e resolución de conflitos do grupo**-clase e da Escola, dos máis inmediatos e concretos aos máis complexos, como competencias da acción tutorial, a xefatura de estudos e a comisión de convivencia en última instancia.
- **Dotar de instrumentos consensuados a todos os membros da Comunidade Educativa** para prever as situacións de conflito que puideran producirse na vida diaria do Centro. Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos, recursos en relación coa promoción da cultura da paz, a prevención da violencia e a mellora do rendemento do centro. Definir actuacións claras de carácter individual e colectivo para prever e resolver as situacións de conflito en base ao diálogo construtivo e á identificación de sentimentos positivos e de aceptación entre os implicados nun conflito.
- **Dinamizar os mecanismos de integración e participación do alumnado** na clase e na vida da Escola, propiciando espazos para unha maior colaboración entre a Comunidade Escolar e entre cada colectivo e fomentando a participación do alumnado a través da elección de delegados, xuntas de delegados, participación na Comisión de Convivencia e no Consello Escolar. Cultivar a tolerancia, a afirmación da diversidade e actitudes de solidariedade e respecto aos bens (recursos, mobiliario, etc.) e espazos comúns, incluídos os de natureza dixital, dacordo coa súa función de servizo público e ecosostenibilidade.
- **Desenvolver e planificar accións que faciliten as relacións** entre todos os membros da comunidade educativa e fomentar a participación nas actividades extraescolares que se propoñan no centro, como punto de encontro convivencial para estreitar lazos: charlas, visitas a exposicións, espectáculos, celebracións, efemérides ou viaxes de estudos, etc. Fomentar a colaboración entre departamentos e profesores do mesmo grupo para programar as materias e consensuar o calendario de exames.

Estratexias para favorecer a convivencia

Informativas

Establecer os procedementos para que todos os compoñentes da comunidade educativa: profesorado, alumnado, persoal de administración e servizos e familias, así como todos os órganos colexiados: claustro, consello escolar e departamentos, coñezan o Plan de Convivencia, especialmente o relacionado cos seus principios, obxectivos e normas de convivencia.

Preventivas

Potenciar, a través do plan de acción tutorial, o coñecemento e desenvolvemento dos principios que guían a convivencia na Escola: o respecto aos dereitos e deberes de todos os compoñentes, valores de igualdade, tolerancia e non discriminación, participación responsable, corresponsabilidade para manter a boa convivencia e resolución pacífica dos conflitos que se poidan presentar.

Potenciar actividades que faciliten a colaboración e implicación de toda a comunidade educativa no logro da boa convivencia.

Correctivas

Establecer os procedementos adecuados para xestionar conflitos, rexéndose polos principios de oportunidade, intervención mínima, gradación e proporcionalidade, tendo sempre presente o benestar do alumnado e o mantemento da boa convivencia.

Intervención rápida, clara e proporcionada perante a aparición de calquera conflito, establecendo as bases para a solución do mesmo.

Establecer procedementos de conciliación e mediación, informando e formando ao profesorado, como estratexia principal de resolución de conflitos, complementaria ou alternativa aos procedementos sancionadores legalmente establecidos.

ESTRATEGIAS INFORMATIVAS	Responsable	Recursos:	Metodoloxía:	Temporalización
Publicitar o contido do Plan de Convivencia	Equipo Directivo, en reunión de Xunta de Escola	Responsabl e das TIC, a través da web do Centro	Redacción do plan e medios dixitais do Centro	Todo o curso escolar.
Difundir protocolos de actuación en caso de condutas contrarias á convivencia	Equipo Directivo, en reunión de Xunta de Escola	Responsabl e das TIC, a través da web do Centro	Dar a coñecer Protocolo de actuación facilitado por inspección educativa	Todo o curso escolar.
Xornada de acollemento do alumnado que se incorpora por primeira vez ao centro	Equipo directivo e Titores/as.	Salón de actos, Escola e aulas de grupo.	Recepción conxunta de todo o alumnado. Reunión de cada titor/a con o seu grupo na aula. Visita ás instalacións da Escola. Contido: Características da Escola, ensinos que se imparten, o edificio, normas de convivencia, titores/ as e profesorado en xeral.	Primeiras xornadas de cada curso escolar.
Plan de acollida para os alumnos de Erasmus	Coordinador/ a Erasmus	Aulas de grupo.	Recepción conxunta de todo o alumnado. Reunión de cada titor/a con o seu grupo na aula. Visita ás instalacións da Escola. Orientación para desenvolverse no ámbito cidadán, desde o aloxamento aos centros de servizos, cultura e lecer. Contido: Características da Escola, ensinos que se imparten, edificio, normas de convivencia, titores/ as e profesorado en xeral e orientación para desenvolverse no ámbito cidadán	Primeiras xornadas de cada curso escolar ou da incorporación do alumnado.

ESTRATEGIAS PREVENTIVAS	Responsables:	Recursos:	Metodoloxía:	Temporalización
Establecemento dun clima na aula adecuada desde as primeiras semanas para mantelo durante todo o curso	Todo o profesorado en xeral e o equipo docente de cada grupo	Toda a Escola, especialmente e as aulas.	Establécense de forma inequívoca, nas primeiras semanas do curso, os límites que separan as condutas aceptables das que non o son, mediante un proceso onde o profesorado procura lembrar as normas e aplícaas de forma inmediata.	Todo o curso escolar.
Establecemento de dinámicas de participación na comunidade da EASD	Vicedirección e Xefatura de Departamentos	Calquera que emane da metodoloxía.	Activa e participativa en relación á Exposición de inicio de curso, visita a exposicións, obradoiros, etc. ao longo do mesmo, asistencia á viaxes de estudos definidos por itinerarios axeitados aos estudos cursados e características do alumnado participante... coa intención de enriquecer a súa cultura visual e artística, profundar no coñecemento do grupo e estreitar lazos dentro e fóra da Escola.	Todo o curso escolar.
Atención á diversidade	Todo o profesorado en xeral e o equipo docente de cada grupo			Todo o curso escolar.

ESTRATEGIAS CORRECTIVAS	Responsables	Recursos	Metodoloxía
Acción titorial individual e grupal	Titores docentes	Calquera que emana da metodoloxía.	Reunións periódicas cos alumnos e cos membros do equipo docente e, de ser o caso, reunión coas familias o titores legais dos menores.
Enquisa sobre o grado de boa convivencia no centro	Equipo directivo, a instancias da administración educativa	Recursos dixitais que se necesiten para a análise da información	Realización da enquisa Análise de resultados
Debate e revisión do Plan de Convivencia	A comisión de Convivencia	O documento e a información recollida ao respecto (web do centro, informes titoriais, etc.).	Análise do Plan e presentación de propostas de modificación en Xunta de Escola
Desenvolvemento de protocolos de actuacións e medidas correctoras enfocadas á regulación de conflitos	Equipo directivo. Comisión de Convivencia	O documento e a información recollida ao respecto (web do centro, informes titoriais, etc.).	Análise do Plan e presentación de propostas de redacción ou xestión en Xunta de Escola



5. Detección de condutas contrarias á convivencia

Protocolo para a detección de incumprimentos

O protocolo para a detección e corrección de incumprimentos se desenvolve conforme ao TÍTULO III do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia y participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar; título que regula as condutas contrarias á convivencia escolar e as medidas de corrección.

Informar e tomar as primeiras medidas

- **Calquera membro da Comunidade Educativa pode informar da realización por parte doutro de condutas contrarias ás normas de convivencia.**
- **Unha vez detectada a conduta, o observante ou coñecedor comunicará o máis axiña posible ao titor/a do alumnado implicado, á Xefatura de estudos ou á Dirección, segundo corresponda, tentando explicar coa máxima obxectividade o observado ou coñecido.**
- **En casos moi concretos nos que o feito observado supoña perigo ou ameaza para a integridade física de calquera membro, intervención inmediata e illamento da persoa en risco.**
- Aplicación da normativa actual vixente, en función da referida natureza do feito, contida no presente Plan, ou noutros pertencentes a distintas Administracións Públicas (Protocolo de Abusos, Protocolo de Malos tratos...)

Documentar

- A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir, e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos, de acordo co establecido no artigo 47 do decreto (ver anexo 3).



- Citarase aos responsables para que corroboren o comunicado ou para confirmar con testemuñas o sucedido e tomaranse as medidas recollidas neste documento e na normativa vixente.

Valorar

- A dirección do centro, no prazo de tres días lectivo, contados desde que se tivo coñecemento da conduta presuntamente merecedora de corrección, decidirá se se trata dunha infracción leve ou grave (ver anexos 1 e 2), e a procedencia ou non de incoar expediente e, de ser o caso, notificaralle esta por escrito ao alumno ou á alumna ou, de ser menor non emancipado/a, ás persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.



6. Protocolos de actuación

As medidas de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia deben (segundo artigos 32-37 do Decreto 8/2015):

- ter un carácter educativo e recuperador
- garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente
- contribuír a que o alumnado corrixa/asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con tódolos membros da comunidade escolar e se integre
- ser proporcionais á gravidade da conduta a corrixir.

Correccións por danos materiais

- O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por descoido, ás instalacións e materiais da escola, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación.
- Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor.

Correccións por agresións físicas ou verbais entre o alumnado

- Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, haberá de repararse o dano moral causado tendo en conta a gravidade da falta ou incumprimento:

Si a agresión é considerada como unha falta leve e o agresor recoñece a súa responsabilidade deste acto ante a persoa agredida, deberá presentar as súas desculpas, ben en público ou en privado.

Si un alumno/a agride fisicamente ou verbalmente a outro compañeiro, será levado inmediatamente, xunto co agredido, a Dirección ou a Xefatura de estudos polo titor/a ou o profesor que o presenciou dita agresión. A Xefatura ou Dirección, xunto co titor ou persoal docente que o presenciase e un membro da Comisión de Convivencia, terán un papel mediador entre as persoas en conflito co fin de, nos primeiros intres, aclarar o ocorrido e, posteriormente, facer reflexión e diálogo conxunto cos implicados.



- Se existe e percíbese arrepentimento por parte do agresor, deberá presentar as súas desculpas ao agredido, ben en público ou en privado. Se o agredido manifesta o seu perdón, o feito non acareará ningunha medida correctora a maiores.
- Se non hai arrepentimento por parte do agresor, a corrección aplicarase segundo a normativa vixente.

Correccións por condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnico, relixioso, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas as medidas correctoras establecidas e recollidas neste protocolo.

Correccións polas interrupcións do proceso de ensino-aprendizaxe

- Se un alumno/a interrompe as clases e non permite que se siga o proceso de ensino-aprendizaxe, o titor/a apercibiralle oralmente de que a súa conduta non é adecuada e impide a marcha normal da clase. Si reitera, mandarase á Dirección que tratará de mediar e dialogar a fin de que cambie a súa actitude e esta sexa a adecuada para incorporarse ao grupo.
- Se as interrupcións son reiteradas e o cambio de actitude non se mantén no tempo.

7. Medidas correctoras

Medidas correctoras das condutas levemente prexudiciais

Segundo o establecido no artigo 43 do decreto, as medidas correctoras de aplicación son:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo, no caso de poder ser posible, por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h).Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

As medidas asociadas a condutas leves serán aplicadas en función do seguinte cadro de competencias:

MEDIDAS	DOCENTE	TITOR/A	XEFATURA DE ESTUDOS	DIRECCIÓN
Amoestación privada ou por escrito.	X	X	X	X
Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.	X	X	X	X
Realización de traballos específicos en horario lectivo.	X	X	X	X
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e		X	X	X

desenvolvemento das actividades do centro.				
Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			X	X
Cambio de grupo por un período de ata unha semana, no caso de ser posible.			X	X
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X
Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X

Segundo o artigo 56 do decreto, estas condutas prescriben nun mes e as medidas correctoras das prescriben aos catro meses da súa imposición (artigo 56 do decreto).

As medidas g) e h) establecidas no artigo 43 do decreto requiren resolución expresa por escrito, que deberá ser comunicada á familia e á comisión de convivencia do centro. Logo desta notificación o afectado ou os seus representantes legais poderán solicitar por escrito, no prazo máximo de 2 días, revisión destas medidas. No caso de solicitarse esta revisión, a dirección emitirá unha nova resolución coa maior celeridade ratificando ou rectificando as medidas impostas. Esta resolución pon fin ao procedemento e é inmediatamente executiva.

O resto das medidas non requiren de resolución expresa por escrito. Pero aquelas condutas leves contrarias á convivencia que non consten previamente por escrito non poderán ser estimadas para efectos de estimar condutas gravemente prexudiciais por reiteración de condutas leves contrarias á convivencia. Nese caso, considérase unha conduta reiterada cando se produce dentro do mesmo curso escolar varias veces, e ten que haber unha evidencia por escrito.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia na escola poden ser corrixidas coas seguintes medidas, segundo o artigo 39 (Decreto 8/2015):

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades da escola.
- Suspensión do dereito para participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo, no caso de ser posible.
- Suspensión o dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. O tempo de suspensión non exime ao alumnado da realización dos traballos que xa lle foran encomendados ou se lle encomenden durante ese período.
- Cambio de centro, no caso de ser posible.

MEDIDAS	DOCENTE	TITOR/A	XEFATURA DE ESTUDOS	DIRECCIÓN
Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades da escola			X	X
Suspensión do dereito para participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes			X	X
Cambio de grupo, no caso de ser posible			X	X
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas				X



semanas. O tempo de suspensión non exime ao alumnado da realización dos traballos que xa lle foran encomendados ou se lle encomenden durante ese período				
Cambio de centro, no caso de ser posible				X

Débase ter en conta, non obstante, que aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas d) ou e) anteriores.

Procedemento no caso de condutas gravemente prexudiciais:

Cando se decide a procedencia de incoar un expediente para a posible corrección dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia, deberá plasmarse nun documento que, segundo o establecido no artigo 13 do Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado polo Real Decreto 1398/1993, constará, como mínimo, de:

- Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsable/s.
- Os feitos sucintamente expostos que motivan a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que puidesen corresponder, sen prexuízo do que resulta da instrución.
- Designación da persoa instrutora, con expresa indicación do réxime de recusación.
- Proposta, se procede, de resolución mediante o procedemento conciliado.
- Órgano competente para a resolución do expediente e norma que lle atribúe tal competencia, indicando a posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade.
- Medidas de carácter provisional que acordase o órgano competente para iniciar o procedemento corrector, sen prexuízo de que se poidan adoptar durante este.



- Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento e dos prazos para o seu exercicio.

Deste acordo darase traslado á persoa instrutora, que se dará así por nomeada, xunto con cantas actuacións existan ao respecto.

As condutas graves prescriben aos catro meses da súa comisión pero neste caso é preciso ter en consideración que a comunicación por escrito ao presunto infractor (ou aos seus representantes legais, cando corresponda) da incoación de expediente motivado por estas, suspende o cómputo deste tempo; de xeito que volverá computar no punto onde quedou suspendido se o procedemento aberto caducase.

Ante casos de especial gravidade (agresións con lesións físicas graves, acoso acreditado, abusos ou intento de abusos acreditado, actuación discriminatoria ou conduta vexatoria por razón de sexo, sobre membros da comunidade escolar) e para garantir os dereitos das vítimas, en todos os supostos nos que se dean condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro, se a incidencia producida puidese ser constitutiva de delito ou falta penal, a dirección comunicará a incidencia á xefatura territorial competente en materia de educación.

Por último, advertir que artigo 10 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, regula o deber de segredo, establecendo que os responsables do procesado e almacenamento de datos (incluídos aquí os que derivan do proceso de corrección) e quen interveña en calquera fase do tratamento de datos de carácter persoal están obrigados ao segredo profesional respecto destas e ao deber de gardalos, obrigacións que subsistirán aínda despois de finalizar a súa relación co titular do ficheiro e, de ser o caso, co seu responsable.



8. Cadros resumo de actuación

DISPOSICIÓN NORMATIVAS para o emprego do teléfono móbil dentro do centro

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Artigo 3.
Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei 4/2011. Sección 2ª, capítulo II. Artigo 19.

O emprego do teléfono e/ou outros dispositivos electrónicos non está permitido durante os períodos lectivos
Os centros, de xeito excepcional, poden establecer normas para a súa utilización como ferramenta pedagóxica

Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos. Protocolo

A prohibición de emprego do teléfono e/ou outros dispositivos electrónicos durante os períodos lectivos, esténdese tamén aos períodos non lectivos (toda a xornada escolar)
Permítese o seu emprego proporcionado e razoable por motivo xustificade e autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser posible, polo profesorado

Os centros de ensinanzas de réxime especial poden adaptar a devandita prohibición para os períodos non lectivos

CRITERIO e PROTOCOLO para o emprego do teléfono móbil dentro da EASD Ramón Falcón
PERÍODO LECTIVO (dentro da aula e actividades complementarias)

ACCIÓNS PERMITIDAS	ACCIÓNS PROHIBIDAS (a salvo de autorización ou emprego de natureza pedagóxica)	
	CAUSA	CONSECUENCIA
PERMANENCIA DO DISPOSITIVO CO SON INACTIVO	PERMANENCIA DO DISPOSITIVO CO SON ACTIVO (interrupción da actividade académica)	Silenciado e disposición do dispositivo baixo custodia do docente ata o remate da actividade lectiva
SAÍDA OCASIONAL DA AULA PARA O SEU EMPREGO PARA A COMUNICACIÓN	EMPREGO PARA A COMUNICACIÓN NON FALADA (mensaxería) (interrupción da actividade académica)	Silenciado e disposición do dispositivo baixo custodia do docente ata o remate da actividade lectiva
	SAÍDAS RECORRENTES DA AULA PARA O EMPREGO PARA A COMUNICACIÓN (interrupción da actividade académica)	Silenciado e disposición do dispositivo baixo custodia do docente ata o remate da actividade lectiva
	OBXECCIÓN OU NEGATIVA Á DISPOSICIÓN DO DISPOSITIVO BAIXO CUSTODIA DO DOCENTE	Conduta contraria a convivencia LEVE coa imposición de medida correctora
	GRABACIÓNS OU DIFUSIÓNS DE CONTIDOS ALLEOS SEN AUTORIZACIÓN	Conduta contraria a convivencia GRAVE coa apertura de procedemento corrector e imposición de medidas

PERÍODO NON LECTIVO (fora da aula e actividades complementarias)

ACCIÓNS PERMITIDAS	ACCIÓNS PROHIBIDAS	
	CAUSA	CONSECUENCIA
EMPREGO DO DISPOSITIVO PARA A COMUNICACIÓN	GRABACIÓNS OU DIFUSIÓNS DE CONTIDOS ALLEOS SEN AUTORIZACIÓN	Conduta contraria a convivencia GRAVE coa apertura de procedemento corrector e imposición de medidas

Pódese aplicar unha excepcionalidade á calquera das accións prohibidas cando, previamente, o alumnado notifique circunstancias (persoais, familiares, de saúde...) perante a dirección ou xefatura de estudos (se son permanentes) ou perante o profesorado (se son circunstanciais)



9. Comisión de convivencia: composición e plan de actuación

Estes propósitos anteriormente citados, son responsabilidade da comunidade educativa, en canto as persoas que a conforman son axentes responsables da convivencia e participan na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do centro. A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar os obxectivos anteriormente citados.

Comisión de convivencia/observatorio da convivencia

Segundo o contemplado na normativa vixente, na Xunta de Escola constituíuse unha Comisión de Convivencia ou Observatorio de Convivencia. Todos os membros da citada Comisión serán elixidos por cada un dos sectores de entre os seus representantes da Xunta dá Escola.

Composición

O seu presidente será a persoa titular da dirección do centro.

Representantes do alumnado.

Representantes do profesorado.

Representantes das familias.

Representantes do persoal de administración e servizos.

Os membros da Comisión/Observatorio da Convivencia serán compoñentes do Equipo de Mediación da Escola.

Funcións

- Elaborar o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída, que será aprobado pola Xunta da Escola, tal como se recolle no artigo 10 da Lei 4/2011.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.
- Elevar á Xunta da Escola e recoller na memoria anual da Comisión de Convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.



- Funcións, por delegación da Xunta da Escola:

Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro.

Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica dos conflitos.

Propoñerlle á Xunta da Escola as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a esta, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia: este informe será trasladado á xunta da Escola e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.

Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Xunta da Escola ou o órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Plan de actuación

- a) Canalizar iniciativas de todos os sectores da Comunidade Escolar para mellorar a convivencia, o respecto mutuo, así como promover a cultura de paz e a resolución pacífica dos conflitos:
 - Establecer vías de comunicación e participación adecuadas ás características da Escola.
 - Ofrecer espazos e tempos nos que os distintos sectores poidan manifestar as súas propostas, as súas alternativas, etc.
 - Coñecer, analizar e realizar propostas de mellora sobre aqueles aspectos da vida da Escola, que non favorezan a convivencia, o respecto ou a tolerancia.

- Promover nos distintos órganos de goberno, de participación e de coordinación docente, que a convivencia, o respecto e a tolerancia son un dereito e un deber de todos os integrantes da Comunidade Escolar.
 - Fomentar e desenvolver actividades para todos os sectores da Comunidade Escolar, que conviden á análise e a reflexión sobre valores tan fundamentais como a liberdade responsable, a igualdade, o respecto, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, etc.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da Comunidade Escolar e o cumprimento das normas de convivencia da Escola:
- A prevención dos dereitos dos membros da Comunidade Escolar pasa, en primeiro lugar, polo coñecemento dos mesmos, polo que se farán públicos os dereitos e deberes ou responsabilidades de cada un dos sectores.
 - Establecer as condicións necesarias para que, o clima de convivencia na Escola permita solucionar a maioría dos conflitos mediante o diálogo, a participación, a comprensión e o consenso.
 - Adoptar as medidas para que, na Escola, edúquese na convivencia, no respecto ás persoas e aos bens materiais.
- c) Iniciativas que eviten a discriminación e posibiliten a integración:
- Atender á diversidade.
 - Detectar posibles focos de discriminación social e escolar.
 - Analizar comportamentos nos distintos espazos e ámbitos da Escola.
 - Prestar especial atención ao fenómeno definido como abuso de poder, intimidación, exclusión, acoso e, en xeral, malos tratos entre escolares (bullying e cyberbullying)
 - Mediar en conflitos: dende a análise do ocorrido en busca dunha solución dialogada e pactada e como prevención de futuros conflitos.
 - Coñecer e valorar o cumprimento de correccións e medidas disciplinarias, tendo en conta nas correccións que non se pode ir en contra da integridade física e dignidade das persoas.
 - Realizar, por delegación da Xunta dá Escola, o seguimento e coordinación das actuacións e medidas promovidas desde o mesmo. Ademais débense valorar os avances, identificar as dificultades e propoñer as medidas oportunas para mellorar a convivencia na Escola.

Reunións



Tendo en conta o baixo nivel de conflictividade observado na Escola, non se considera conveniente incluír con carácter obrigatorio un punto na orde do día das reunións da Xunta da Escola, para facer un seguimento continuado. Con todo convocaranse as seguintes reunións da Comisión de Convivencia:

- Ordinarias: tres xuntanzas anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, coincidentes coa Xunta da Escola. Na última reunión darase conta da avaliación e a memoria do Plan de Convivencia.
- Extraordinarias: cantas veces sexa convocada por a presidencia da comisión ou por iniciativa propia a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos membros da comisión.

10. Difusión, seguimento e avaliación

Difusión

O noso Plan de Convivencia cobrará sentido cando todos os sectores implicados na Escola, o interioricen e fágano seu. Por iso debe ser coñecido por todos/ as para poder ser posteriormente valorado e avaliado.

1. Plan de Convivencia poderase consultar na páxina Web da Escola.
2. O profesorado que se incorpore ao centro, unha vez iniciado o curso, será informado por vicedirección.
3. Nas reunións iniciais do titor/a con o seu grupo, informará o alumnado do Plan de Convivencia.

Seguimento e avaliación

O seguimento e avaliación do Plan de Convivencia están encomendados á Comisión/Observatorio de Convivencia e á Xunta da Escola nas reunións establecidas neste Plan.

A Comisión/Observatorio da Convivencia realizará o seguimento e avaliación do Plan de Convivencia cunha periodicidade anual, elaborando un informe que inclúa todo o ocorrido durante o curso escolar en materia de convivencia, as actividades e actuacións realizadas, a súa valoración e as propostas para o curso seguinte.

Os rexistros de incidencias serán a base para o informe anual que elabore a Comisión de Convivencia. A avaliación final do Plan de Convivencia efectuarase a través dunha memoria que se realizará ao final de cada curso escolar e que deberá ser aprobada en Xunta da Escola. Esta memoria será elaborada pola Comisión de Convivencia.

O Plan de Convivencia será revisado cada curso escolar, con obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no centro e incorporar ao mesmo as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior.

Memoria do Plan de Convivencia

Elaborarase ao final de cada curso escolar, incorporarse á Memoria Final de Curso e deberá conter polo menos, os seguintes aspectos:

1. Grao de implantación e nivel de consecución dos obxectivos propostos.
2. Actuacións realizadas e grao de participación dos distintos sectores da Comunidade Escolar.

3. Valoración dos resultados, conclusións e propostas de continuidade e de mellora para cursos sucesivos.
4. Avaliación do proceso e dos resultados.

11. Normativa de aplicación

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica. A súa redacción parte primeiramente da Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE, recentemente modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre ou LOMLOE), e tamén viña recollida na derogada Lei orgánica 8/2013 (LOMCE), polo que existe o consenso na comunidade educativa no relativo á necesidade de implantación.

O preámbulo da Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE), recentemente modificada pola LOMLOE, di que o Plan de Convivencia ocupa un lugar relevante, na relación dos principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza.

Ademais, propón un exercicio de tolerancia e liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia para o cal é necesario establecer un sistema de prevención de conflitos e promover a resolución pacífica dos mesmos, concretando no artigo 1 os principios básicos que rexen a norma. O artigo único da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE) matiza algúns aspectos dos principios básicos reflectidos no que atinxe ao eido da convivencia (artigo 1.k):

A educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar e ciberacoso coa fin de axudar ao alumnado a recoñecer toda forma de maltrato, abuso sexual, violencia ou discriminación e reaccionar fronte a ela.

Así mesmo, no artigo 61.4 establécese que os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar normas de convivencia nos termos que establezan as administracións educativas e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable.

Tamén temos que citar a normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar: a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No seu preámbulo sinala que a convivencia nos centros docentes constitúe en todas as

sociedades desenvolvidas un motivo de preocupación crecente (...) polos fenómenos de mala convivencia e de acoso escolar nos últimos tempos comeza a ser, tristemente, unha nova cotiá. Do mesmo xeito, existe unha demanda latente por parte dos profesionais da educación de recoñecemento do seu labor e de dotación de ferramentas que permitan atallar dun xeito inmediato e eficaz as eventuais condutas que atenten contra o normal desenvolvemento da actividade docente. No artigo 10 faise mención directa ao Plan de Convivencia e as Normas de Convivencia.

Por outra banda, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar), establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da citada lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O Plan de Convivencia baséase no principio de igualdade entre mulleres e homes e establece, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia. Por outra banda define as actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Entre artigos 12 e o 17 deste mesmo decreto, recóllense os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do plan de convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración.

Polo tanto, este Plan de Convivencia toma como referencia a normativa anteriormente citada tendo en conta especialmente a normativa autonómica.

O marco xurídico completo que define este plan é o seguinte:

Constitución española e Estatuto de autonomía de Galicia.

Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público.



Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008).

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG do 15/07/2011).

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. ^[P]_[SEP]

Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 22/04/2015)

Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

A elaboración do Plan de convivencia da EASD Ramón Falcón supuxo tamén a reflexión e a actualización dos seguintes documentos do centro:

A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada.

As Normas de organización e funcionamento do centro

A Programación xeral anual.

A Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón, dentro do marco de autonomía pedagóxica que recoñece a normativa vixente, adopta un modelo de organización e funcionamento que lle permite dar unha resposta adecuada ás características peculiares do seu alumnado e tratar ao mesmo tempo de favorecer a participación dos distintos sectores, que constitúen a súa Comunidade Escolar. Con todo, o presente Plan de Convivencia vén complementar e desenvolver o Regulamento de Réxime Interno. Pretendemos que o Plan de Convivencia sexa unha ferramenta útil e eficaz para a nosa

Comunidade Escolar; unha ferramenta de prevención fronte aos posibles conflitos que poidan orixinarse na contorna da Escola.

As nosas boas prácticas en materia convivencial, baseadas nunha participación e integración real de todos os membros da comunidade educativa, han de xerar e materializar un estilo de convivencia reflectido nun instrumento que sexa accesible a toda a comunidade educativa.

As actuacións no centro oriéntanse cara á promoción do crecemento integral das persoas, ao desenvolvemento de comportamentos adecuados baseados no respecto e a empatía para convivir mellor; á creación de actitudes positivas cara aos demais, facilitando un bo ambiente de traballo e estudo; á creación e potenciación de inquietudes artísticas e a xeración de actividades para o enriquecemento cultural; e á prevención dos conflitos ou a súa resolución a través do diálogo, no caso de que se produzan.

O profesorado do centro, no exercicio das funcións de goberno, docentes, educativas e disciplinarias que teña atribuídas, terá a condición de autoridade pública e gozará da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico (Art. 11.1 da Lei 4/2011, de 30 de xuño de Convivencia e participación da comunidade educativa). No exercicio das actuacións de corrección e disciplinarias, os feitos constatados polo profesorado e membros do equipo directivo dos centros docentes sostidos con fondos públicos, terán valor probatorio e gozarán de presunción de veracidade iuris tantum ou salvo proba en contrario, cando se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente, sen prexuízo do que, en defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan ser sinalados ou achegados (Art. 11.2 da Lei 4/2011, de 30 de xuño).

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

PROTOCOLO de actuación

- CONDUTA ILLADA, DE ORDE MENOR E DE DOADA SOLUCIÓN, INTERVIR DIRECTAMENTE** para solucionar o problema, ou ben **COMUNICAR AO TITOR** do grupo para que este interveña, directamente ou coa colaboración do equipo docente.
- CONDUTA REINCIDENTE, DE ORDE MAIOR OU DE TIPO ESPECIALMENTE GRAVE** (por exemplo con violencia verbal ou física, discriminatorio, con acoso presencial ou en contornas dixitais... etc), **INTERVIR INMEDIATAMENTE** se a situación o precisa, **COMUNICAR Á XEFATURA DE ESTUDOS OU DIRECCIÓN**. Esta información virá acompañada (posteriormente a terse intervido) dun **BREVE INFORME** que inclúa lugar, data e hora dos feitos acontecidos e a descrición dos mesmos.

CRITERIO de intervención

CALQUERA INTERVINTE É RESPONSABLE DA CUSTODIA DA DOCUMENTACIÓN E DO SIXILO NA SÚA INTERVENCIÓN, coidándose de **NON DAR CONTA OU DIFUNDIR INFORMACIÓN, SE NON É DE XEITO XUSTIFICADO E INDISPENSABLE**, e só a persoas vinculadas co procedemento Artigo 5 da LOPDGDD. Os encargadas do tratamento de datos, así como todas as que interveñan, están suxeitas ao deber de confidencialidade ao que se refire o artigo 5.1.f) do RXPD

LEVES (prescriben ao mes)

As que non alcanza a gravidade
Portar obxecto, substancia ou produto prohibido non gravemente prexudicial
Falta de asistencia, puntualidade ou de material didáctico

GRAVES (prescriben aos 4 meses)

Agresións físicas ou psíquicas
Actos de discriminación
Actos de desafío á autoridade
Gravación ou difusión de imaxes / informacións
Suplantación de personalidade

Danos ás instalacións / materiais do centro / doutros membros
Actos que perturben o normal desenvolvemento de actividades
Actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal

Portar obxecto, substancia ou produto perigoso
Reiteración de condutas leves
Incumprimento das sancións

ACOSO ESCOLAR (calquera forma de vexación ou malos tratos continuados dun alumno/a por outro/as, de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento social, con independencia do lugar e medios)
PROTOCOLO PROPIO
Garantírase a integridade, dignidade e educación da vítima de acoso, mediante medidas cautelares

PROCEDEMENTO CORRECTOR

DOCENTE	Rexistra, por escrito, a conduta contraria á convivencia con datos do alumnado, testemuñas, feitos, norma infrinxida, lugar, data e hora
DIRECCIÓN	Pode abrir un período de información previa, no PRAZO MÁXIMO DE 2 DÍAS LECTIVOS desde os feitos Valora os feitos, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno/a e antecedentes Adoita medidas correctoras provisionais (cambio temporal de grupo ou suspensión de asistencia por ata tres días lectivos). Decide entre un dos dous tipos (conciliado ou común), en función da conduta, circunstancias, idade, circunstancias persoais, familiares ou sociais e antecedentes (priorizando o conciliado) Informa ao titor/a e ao consello escolar e deixa constancia para apreciar reincidencia Designa docente INSTRUTOR/A do procedemento (segundo o NOF), coas seguintes funcións:
INSTRUTOR	Realiza dilixencias informativas Propón, á dirección, medidas provisionais, correctoras ou educativas reparadoras Custodia os documentos Propón, á dirección, o arquivo (se ha lugar) das actuacións se procede
DIRECCIÓN	Ofrece, por escrito, a posibilidade de procedemento conciliado, ou notifica o procedemento común
ALUMNADO	Resposta, por escrito, a aceptación ou non, no PRAZO DE 1 DÍA LECTIVO . De non facelo, aplícase o procedemento común A non comparecencia non impide a continuación do proceso de corrección

PROCEDEMENTO CONCILIADO

O alumnado reconece a gravidade da conduta, está disposto a reparar o dano e a cumprir as medidas correctoras
Existe conformidade das partes para acollerse a este procedemento

PROCEDEMENTO COMÚN

As partes optan por el
Non é posible o conciliado

DIRECCIÓN	Incoa o procedemento, que se notifica á Inspección Nomea un MEDIADOR/A (segundo NOF) Convoca a instrutor/a e afectado/as a reunión, no PRAZO DE 1 DÍA LECTIVO dende a elección desta opción	DIRECCIÓN	Incoa o procedemento, que se notifica á Inspección
INSTRUTOR/A	Informa da obriga de acatar o acordo alcanzado e de que as declaracións formarán parte do expediente Expón a conduta a corrixir e as consecuencias que tivo Propón medidas correctoras, oídas as partes Da audiencia aos convocados/as para realizar as consideracións oportunas	INSTRUTOR/A	Identifica o tipo de conduta contraria á convivencia Da audiencia ao alumnado nun PRAZO MÁXIMO DE 3 DÍAS LECTIVOS Propón, á dirección, a/s medidas correctoras, nun PRAZO MÁXIMO DE 5 DÍAS LECTIVOS
MEDIADOR/A	Colabora co instrutor/a para conquistar o acordo, apoiando o seu cumprimento	DIRECCIÓN	Dita resolución escrita (considerando feitos e circunstancias) e a notifica no prazo dun día lectivo As correccións serán inmediatamente executivas Remite a resolución á xefatura territorial Informa aos implicado/as da posibilidade de solicitar revisión das medidas ante o consello escolar
AS PARTES	Acordan medida/s as correctora/s mais adecuada/s e, se procede, medidas educativas A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta	INSTRUTOR/A	Arbitra medidas para o seguimento
INSTRUTOR/A	Deixa constancia escrita da conformidade coas medidas por parte do alumnado Arbitra medidas para o seguimento	DIRECCIÓN	Notifica a resolución do procedemento nun PRAZO MÁXIMO DE 12 DÍAS LECTIVOS desde os feitos
DIRECCIÓN	Ratifica o acordo consensuado No caso de que non se logre o acordo, ordena a continuación polo procedemento común No caso de incumprimento das medidas acordadas, ordena a continuación polo procedemento común		

MEDIDAS CORRECTORAS leves

Impostas polo profesorado ou o titor/a (dando conta á xefatura de estudos)
Impostas pola xefatura de estudos ou pola dirección
Recurso posible, no **PRAZO DE DOUS DÍAS LECTIVOS**, perante á dirección, que ratifica ou rectifica

MEDIDAS CORRECTORAS graves

Impostas pola dirección, a proposta do instrutor/a

Amoestación / Comparecencia ante a xefatura de estudos
Tarefas, dentro ou fóra do horario lectivo
Suspensión de asistencia ás actividades entre 2 semanas e 1 mes
Suspensión de asistencia ás clases (con traballos substitutivos) entre 4 días lectivos e 2 semanas.
Suspensión de asistencia ao centro entre 4 días lectivos e 1 mes (con traballos substitutivos)
Cambio de grupo por unha semana

Tarefas, dentro ou fóra do horario lectivo
Suspensión de asistencia ás actividades entre 2 semanas e 1 mes.
Suspensión de asistencia ás clases entre 4 días lectivos e 2 semanas (con traballos substitutivos)
Suspensión de asistencia ao centro entre 4 días lectivos e 1 mes (con traballos substitutivos)
Cambio de grupo
Cambio de centro

CRITERIOS NORMATIVOS de todas as medidas correctoras

Requisito/s común/s	Carácter educativo e recuperador Garantistas dos dereitos do alumnado Contribuír as relacións Proporcionais á conduta	Criterios para a gradación	O recoñecemento espontáneo da incorrección / A existencia de intencionalidade ou reiteración A difusión da conduta / Os prexuízos causados / O carácter vulnerable da vítima	Limitacións e garantías	Ningún alumnado poderá ser privado do dereito á educación. Non poderán imporse correccións contrarias á dignidade do alumnado. En todos os casos, poderanse suspender as medidas correctoras. O incumprimento dos compromisos reporá a aplicación das medidas correctoras suspendidas
---------------------	--	----------------------------	---	-------------------------	--

CRITERIOS PARTICULARES da EASD Ramón Falcón

Designación do docente INSTRUTOR/A do procedemento	1º. Mínima relación co alumnado participante no procedemento 2º. Horario dispoñible no intre en que se teñen previsto realizar as reunión co alumnado	Designación do docente MEDIADOR/A do procedemento	1º. Horario dispoñible no intre en que se teñen previsto realizar as reunión co alumnado 2º. Menor antigüidade no centro
--	--	---	---